



Concello de Lugo



EUROPE DIRECT ► CONCELLO DE LUGO

**JOSÉ LÓPEZ OROZCO E SONIA MÉNDEZ,
ALCALDE DE LUGO E CONCELLEIRA DE ECONOMÍA E EMPREGO**

**«SOMOS OS PRIMEROS EN GALICIA EN
TER O PROGRAMA EUROPE DIRECT»**



As estudiantes inqueriron ós responsables políticos acerca de cuestións que afectan ós galegos, como a crise derivada do prezo do leite. MÓNICA PEREIRA

DIÁLOGOS COMUNICACIÓN

- **Sonia Méndez:** A idea da xuntanza de alumnos do IES A Piringalla co alcalde e más comigo era dar a coñecer a Oficina de Información Europea. Unha escola taller está acondicionando unha planta para a mesma. A través dos servizos que esta ofrece os alumnos de FP recién titulados poideron facer prácticas no Reino Unido, Polonia e máis Italia. Optouse por destinar o programa a estudiantes de FP, dado que os universitarios teñen máis posibilidades de estudar e realizar prácticas no estranxeiro, pero nun primeiro momento tamén se beneficiaron estes. Concedéronnos 30 estadías e os beneficiarios deste programa chamado Lugoqualitas non só participaron de prácticas, senón que aproveitaron a bagaxe que estas aportan, algo que seguramente se terá en conta nas entrevistas de traballo ás que acoden. Os mozos de Lugo empezaron a saber que o Concello ofrecía esta posibilidade e tanta información solicitaban que se puxo en marcha Europe Direct. Somos os primeiros en Galicia en ter este proxecto, que executamos directamente. Acadamos información

BENEFICIO

“NA UE SOMOS 350 MILLÓNS DE CONSUMIDORES, POLO TANTO ÓS PAÍSES MÁIS RICOS FAVORÉCEOS ESTAR NELA”

a través de internet e dende a oficina facemos intercambios, analizamos a mobilidade e tamén a posibilidade de ir traballar a distintos puntos de Europa. É por iso que necesitamos ampliar as nosas instalacións, a fin de contar con espazo para os contidos, dispóner dunha sala de proxeccións, etcétera. Para facelo, obtivemos unha subvención, dado que o interese por Europa non para de crecer e é imprescindible ter a maior información posible. En 2013 desaparecerán os fondos estruturais, pero este manterase.

- **Lorena Blanco:** Que recibe o estudiante? É semellante a unha beca Erasmus?

- **Sonia Méndez:** Trátase dunha

beca de manutención que inclúe transporte, estadía e seguro.

- **Lorena Blanco:** Participar dun intercambio sirve de moito, posto que non só se aprende a falar un idioma, senón que mesmo se madura.

- **José López Orozco:** Iso é Europa: seguir pertencendo ó teu punto de orixe, pero amais ver outros sitios e outros puntos de vista. Pero non só se benefician os que disfrutan destas becas, senón tamén os que acollen, porque nós temos moito que aportar.

- **Sonia Méndez:** Outra das vantaxes que ofrece o programa que se leva a cabo dende Europe Direct é que o estudiante que participa dun Erasmus tamén pode acceder a este proxecto que se desenvolve dende o Concello de

Lugo, posto que son compatibles.

- **José López Orozco:** Que pensades? Europa existe?

- **Ana Isabel Rivera:** Si, pero o determinante é a economía. Axente está pouco informada do que é Europa.

- **Tamara Mourelle García:** A xente da rúa ten pouca información, e malia a que os acordos que se toman en Europa nos afectan en España, a cidadanía non coñece o que se plantexa en Europa.

- **Sonia Méndez:** Un dato a ter en conta neste sentido é o feito de que o setenta por cento da normativa procede de Europa. Son normas básicas e pensadas para o futuro, e refírense ó eido medioambiental, social, etcétera. E todas elas potencian valores cos que estamos dacordo.

- **José López Orozco:** O problema do leite é grande, pero sen Europa non hai unha solución ó mesmo. Meternos na UE supuxo un gran cambio para o noso campo. Un cambio que se ía dar igual, pero cunha dor social impresionante. Certo que pecharon moitas explotacións agrícolas e gandeiras, pero non foi debido á entrada en Europa,

LEXISLACIÓN

“O SETENTA POR CENTO DA NORMATIVA PROCEDA DE EUROPA. SON NORMAS BÁSICAS PARA O FUTURO”

⇒ senón a que estas eran inviables. Entrar na UE permitiu a modernización do sector sen esa dor social. Agora fállase de que se puido negociar mellor a cota do leite, e pode ser, pero temos que plantexarnos que sería de nós sen Europa e sen a PAC (Política Agraria Común). Moitos países producimos o mesmo e non somos capaces nin de consumir nin de comercializar. É por iso que temos que compensarnos. EE.UU. pide que non haxa axudas, que non haxa cotas. Deste xeito pensa que poderá introducir en maior medida os seus produtos en Europa. Sen a UE sería precisa esa reconversión, pero sería dorosísima.

- **Cristina Alvariño:** Os gandeiros teñen un problema moi serio.

- **Tamara Mourelle:** A entrada en Europa afectou ós pequenos agricultores, pero ó conxunto favoreceuelle esta decisión, pois son máis fortes á hora de exportar.

- **Gema Modia:** Eu son de Friol e como dicía Cristina, alí temos o problema do leite. Pero se non existise a UE acontecería o mesmo ou sería incluso peor.

- **José López Orozco:** O ano pasado ían as cousas ben, pero temos o problema das marcas blancas e tamén outro político moi importante. O que hai que fazer é mellorar a producción, os custos... a unión fai a forza. Temos que crear grandes explotacións para poder competir. Pode España valerse por si mesma? Ten sentido?

- **Tamara Mourelle:** Noutras cuestións, como por exemplo unha eficaz prestación de servizos, pode axudarnos moi a estar na UE.

- **José López Orozco:** Falta máis comunicación. A economía é a base,

PROBLEMA DO SECTOR LÁCTEO

"SEN EUROPA NON HAI UNHA SOLUCIÓN O MESMO. METERNOS NA UE SUPUXO UN GRAN CAMBIO PARA O NOSO CAMPO, UN CAMBIO QUE SE ÍA DAR IGUAL, PERO CUNHA DOR SOCIAL IMPRESIONANTE"

pero a maiores temos que veras visións dos outros, acadar unha simbiose dos pobos. A historia nunca é igual, pero podemos aprender dela e dos pobos que máis creceron, que son os que sempre se misturaron cos outros.

- **Lorena Blanco:** Saír abre a mente.

- **José López Orozco:** É preciso facer unha Europa desenvolvida e solidaria, aínda que só sexa para poder salvarse. En África millóns de persoas prefieren arriscarse a perder a vida antes que permanecer no seu con-

tinente. É por iso que Europa ten o deber de desenvolverse. Non somos quen de paralizar o éxodo e moitos morren.

- **Sonia Méndez:** Por iso son importantes as axudas ó desenvolvemento destos países.

- **José López Orozco:** Se África se desenvolve, Europa poderá ter oportunidades de facer mercado alí.

Actualmente proséguense co expolio de materias primas de dito continente, algo que mesmo ten consecuencias medioambientais.

- **Tamara Mourelle:** Favorece ós países ricos estar en Europa?

- **José López Orozco:** Na UE somos 350 millóns de consumidores, polo tanto favoróceos estar nela. Temos, ademais, que establecer unha relación xusta con África dende unha Europa desenvolvida económica pero tamén socialmente. Para mi esa é a Europa que temos que construír. España entrou o 1 de xaneiro de 1986 e foi facéndo progresivamente. Entrar no euro foi un paso de xigante e pagou a pena.



OBRIGAS

"EUROPA TEN O DEBER DE DESENVOLVERSE"

OBXECTIVO

"TEMOS QUE ESTABLECER UNHA RELACIÓN XUSTA CON ÁFRICA DENDO UNHA EUROPA DESENVOLVIDA ECONÓMICA, PERO TAMÉN SOCIALMENTE. PARA MI ESA É A EUROPA QUE TEMOS QUE CONSTRUIR"




Méndez e López Orozco coas participantes no foro e persoal do Concello. M. PEREIRA

PARTICIPANTES:

Gema Modia, Ana Isabel Rivera, Cristina Alvariño, Lorena Blanco e Tamara Mourelle, todas elas estudiantes do ciclo de Administración e Finanzas que se imparte no IES A Piringalla, de Lugo, participaron a mediados de xuño dun encontro co rexedor do municipio, José López Orozco, e más coa concelleira responsable da Área de Economía e Emprego, Sonia Méndez. Nesta xuntanza, que tivo lugar no Espazo Lab do Concello de Lugo, coñeceron tamén o traballo da Oficina de Información Europea, Europe Direct, que se creou en Lugo a fin de atender consultas relativas á UE e a posibles estadías na mesma.

EUROPE DIRECT ▶ CONCELLO DE LUGO



A Oficina de Información Europea ten web propia. ADC



O comercio do casco histórico da cidade será beneficiario do Plan Urban. M. P

A HISTORIA DA UNIÓN EUROPEA POLO ALCALDE DE LUGO

Un soño convertido en realidad. Así, define o rexedor do Concello de Lugo, José López Orozco, a actualidade de Europa. De feito, subliña que "houbo moitos intentos de facer deste continente un único imperio, pero esta é a historia dun continuo fracaso: o dos romanos, o de Carlomagno, o de Carlos V, o de Napoleón, o de Hitler... E habería que citar tamén a reforma protestante".

As bases para acadar a situación actual sentáronse, "principalmente, a partir da Segunda Guerra Mundial, cando comezou a idearse a unión para, a partir da paz e da política, defender ideais económicos comúns e construir unha Europa que inicialmente estivo integrada por seis membros, posteriormente por doce, máis adiante por quince, e na actualidade por 27".

Europa defínese, segundo López Orozco, a partir de substantivos como "paz, cooperación, coordinación, traballo en común e institucións propias". Tamén lembra o fondo traballo dos impulsores da Europa actual, entre os que citou a François Mitterrand, Helmut Kohl ou Felipe González; e a consecución de acordos como os tomados no Tratado de Maastricht, no de Niza ou no de Lisboa. Ademais, cualificou a Alemaña como a locomotora de Europa e citou como paso decisivo a unificación do país.

UN MUNICIPIO QUE MEDRA CON EUROPA

FERRAMENTAS DE PROGRESO. O Concello de Lugo está a desenvolver a Oficina de Información Europea, que ofrece datos destinados a mellorar a formación e a empregabilidade da mocidade

DIÁLOGOS COMUNICACIÓN

O 1 de xaneiro de 1986 marcou a historia de España, dado que nesa data comezou a súa integración progresiva na UE, integración que se foi consolidando a medida que o país se desenvolvía, tal e como describiu ante as alumnas do IESA Piringalla o rexedor de Lugo, José López Orozco.

Pasar a formar parte da Unión propiciou que España comezase a ser receptora de fondos estruturais e, ainda que deixará de percibilos en 2013, Lugo seguirá beneficiándose de axudas

para o desenvolvemento do proxecto Europe Direct, que se canaliza a través da Oficina de Información Europea de Lugo. Esta compila todo tipo de datos, facendo fincapé en cuestións relativas ó emprego, á mocidade e ás axudas ás empresas no marco da UE, tal e como se pode consultar a través do portal de dita oficina: www.lugo.es/europedirect.

Os impulsores deste proxecto están convencidos das vantaxes de achegarse a Europa, especialmente por parte da mocidade, que pode mellorar a súa formación a través de distintos programas e, como consecuencia, tamén a súa empregabilidade.

Relacionado co mundo laboral, o Concello tamén desenvolveu outro programa cofinanciado pola UE. Denominado Lugo Social, foi pensado para a inserción social de colectivos desfavorecidos. A súa efectividade foi decisiva á hora da consecución de novas axudas. Deste xeito, dende 1999, ano no que López Orozco accedeu a alcaldía de Lugo, o municipio recibiu un total de 35 millóns de euros, contía especialmente significativa tendo en conta que "os concellos temos que competir con outros para poder obter axudas, que se conceden en función da execución dos programas anteriormente desenvolvidos e do proxecto presentado".

Así, o Concello de Lugo acadou axudas para o Proxecto Urban, que a concelleira de Economía e Emprego, Sonia Méndez, cualifica como o más importante dos acadados. "Consegúmolo no ano 2008 e custará un total de 16 millóns de euros, dos que 8 son aportados pola UE. A contía restante será cofinanciada polo Concello e a Deputación de Lugo", lembra a edila, quen apunta que para logralo "apostamos pola imaxinación e por presentar algo distinto a fin de rexerar unha zona, o centro histórico da capitalidade lucense; dinamizar o seu comercio e xerar emprego".

Para a consecución de axudas, o Concello de Lugo creou unha oficina adicada a "concorrer a todos os programas que sexa factible", indica o rexedor de Lugo.

AXUDAS
**O CONCELLO DE LUGO
ACADOU 35 MILLÓNS
DE EUROS EN FONDOS
EUROPEOS DENDO 1999**